

CARTA PARA O ALUMNADO DE 2º B

Ola a todas e todos . Desexo que esteades todas/os ben.

Xa que estaremos uns días sen podermos ir ao Cole sería recomendable que seguidades coas rutinas que levamos a cabo na aula . Como non tendes os libros na casa, só tendes o de CCSS e a libreta de LG, propóño-vos unha serie de actividades para que fagades e logo as mostredes a algún adulto que estea con vós.

1.- Dicir o día que é, o día que foi onte e o que será mañá ; para traballar ANTERIOR E POSTERIOR. Podedes escribir: Onte foi... **Hoxe é...** Mañá será.../ **Ayer fue...** **Hoy es...** Mañana será... Un día en LG outro en LC. Tanto o día da semana como o día do mes. Ollo co H e Y!!!!

Dicir a hora que é; a que foi fai media hora, a que será dentro de media hora, dunha hora...

2.-. Cántalle a quen estea contigo como estás hoxe, que emoción sentes (felicidade, sorpresa, tristura, medo...) e dille por que.

3.- Lectura diaria nas dúas lingua. Copiar dúas ou tres liñas, cada día nunha lingua. Sería convinte que escribiredes un diario en folios, escribindo un pouco cada día e ilustrándoo cun debuxo.

Repasar os trabalinguas que xa traballamos. Esta semana iamos aprender o retrouso(só o retrouso) da canción “Arroz con chícharos, patacas novas” que adxunto, preguntádelle a alguén da casa se a sabe. Tamén tendes unha poesía da semana pasada na libreta de LG para ampliar vocabulario cos nomes de árbores froiteiras e froitas. Podedes investigar como se din os mesmos nomes en castelán.

Facer o xogo de memoria que facemos na aula con nomes de animais salvaxes/ domésticos, froitas, verduras, nomes de persoas, apelidos, palabras rematadas en z, palabras que empecen por g,r, z ,...e todo o que se vos ocorra.

Adxunto ficha para traballar nomes, empezando por unha letra determinada para xogar con alguén da casa . Cada palabra conta 100 puntos se non se repite, se se repite só 50 e gaña o que teña máis puntos en cada liña.

4.- Podedes cantar a táboa dos números 2, 4 e 10. Ler as táboas de multiplicar en verso de Gloria Fuertes que se achegan. Facer contas de sumar e restar. Inventar problemas.

5.- Cantar, bailar, xogar ás cartas, inventar contos e poesías...

Gustaríame que traballaredes todos os días un pouco pola mañá **vós soas e sós** para que os adultos que vos acompañan poidan facer os seus traballos.

Unha aperta da profe Helena.